



RESOLUCIÓN

O Regulamento de utilización de instalacións deportivas municipais, en vigor desde o 21 de abril de 2004 establece no seu Título IV os aspectos básicos da normativa de acceso para a utilización de pavillóns deportivos cubertos por entidades deportivas ou veciñais.

A autorización para a utilización dos pavillóns deportivos municipais na temporada 2020/2021 concedida por Resolución da Concelleira Delegada de Deportes nº 2020004811 rematará o vindeiro 24 de xuño. Así pois é preciso que os clubs deportivos de Oleiros, presenten as solicitudes para a temporada 2021/2022.

O comenzo da temporada 2021/2022 farase cos horarios adxudicados na anterior, manténdose os mesmos ata que se realice a nova adxudicación, de acordo, entre outros criterios, co número de licenzas federativas actualizadas e debidamente acreditadas, seguindo o prescrito no Regulamento.

En consecuencia, facendo uso da facultade de dirección política e da xestión do servizo que me foi atribuída por delegación mediante Decreto da Alcaldía nº 2019002619, de 20 de xuño do 2019,

RESOLVO:

Primeiro.- Para a tramitación da autorización de uso dos pavillóns deportivos polas entidades deportivas municipais na temporada 2021-2022, establécese o seguinte procedemento:

Normas a aplicar no proceso de solicitude de instalacións.

1.- **O vindeiro 25 de agosto comenzará a temporada 2021/2022** e polo tanto terá lugar a apertura das instalacións deportivas para que os clubs deportivos de Oleiros poidan reiniciar os adestramentos e competicións nos seus correspondentes horarios.

2.- De xeito provisional, e ata que se aprobe a nova distribución horaria para a temporada 2021/2022, os clubs que xa solicitaran horarios durante a temporada anterior dispoñerán, a partir do día 25 de agosto, **dos mesmos que tiñan adxudicados en Resolución da Concelleira Delegada de Deportes nº 2020004811.**

3.- As solicitudes de uso horario nas instalacións para a temporada 2021/2022, deberán presentarse **antes do 10 de outubro (inclusive), no Rexistro Electrónico do Concello**, ao que se pode acceder desde a web municipal.

4.- No caso dos clubs deportivos que non tiveron horas adxudicadas durante a temporada 20/21 e teñan interés en utilizar horas de adestramento nos pavillóns na seguinte temporada, deberán



presentar a súa solicitude no mesmo período, previa inscrición no rexistro de entidades do Concello.

5.- Todos os clubs que desexen solicitar horarios de adestramento, deben presentar a seguinte documentación:

- a) Solicitude (cubriendo no formulario electrónico o apartado “variables”)
- b) Memoria explicativa da actividade a realizar na instalación e a xustificación das horas solicitadas. Nesta memoria deben indicar as categorías para as cales se solicita o uso do pavillón e o ámbito ou nivel da competición na que van participar, o número de deportistas de cada categoría e o horario de adestramento que se solicita.
- c) Certificado do número de licenzas federativas tramitadas coa listaxe de deportistas para temporada 2021/2022, a ou ben copia compulsada das propias licenzas.

6.- Terán prioridade de uso nos pavillóns municipais aquelas disciplinas deportivas que utilizan pavillóns deportivos como lugar de competición habitual, fronte a disciplinas que compiten noutro tipo de instalacións ou escenarios.

7.- As notificacións relativas a este procedemento serán en todo caso electrónicas e serán enviadas aos enderezos proporcionados nas solicitudes.

En Oleiros, asinado dixitalmente na data que figura na marxe pola 4ª Tenente de Alcalde delegada de Deportes, Formación e Emprego, Turismo e Promoción Económica, e o/a Secretario/a accidental, que da fe. (Asinado aos efectos exclusivamente do artigo 3.2 do RD 128/2018 de 16 de marzo e o artigo 2.1 do Decreto 24/2018 do 15 de febreiro).

